

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Colexio Sagrado Corazón de Jesús é un centro plurilingüe concertado (pertencente ás Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl) de dobre liña dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, situado na casco urbano da vila de Ribadeo, na rúa Carlos III, nº 4 que imparte ensino desde 4º EI ata 4º de ESO con 497 alumnos/as matriculados no curso 2021/22. O claustro está formado, no curso 2021-22, por 41 docentes (38 mulleres e 3 homes)

Tipo de Centro CPR – Concertado

Denominación oficial Colexio Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús

Código do Centro 27010911

Enderezo Carlos III, nº4 (Ribadeo)

Provincia Lugo

Código postal 27700

Teléfono 982128415

CIF R2700021E

Dirección de correo electrónico cpr.sagrado.corazon.ribadeo@edu.xunta.gal

Páxina web www.csagradocorazon.es

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro está situado no concello de Ribadeo, unha vila costeira na cabeceira da Mariña Oriental arraiana co Principado de Asturias. Posúe no censo de 2021 un total de 9871 habitantes distribuídos en 12 parroquias.

No concello de Ribadeo ten vital importancia o comercio e a hostalería, sendo o sector servizos en xeral a súa principal actividade, e que está experimentando un crecemento nos últimos anos. Isto, xunto coa súa privilexiada situación xeográfica, fai de Ribadeo o centro comercial dunha extensa área astur-galaica. Esta estrutura comercial é de especial relevancia na provincia, sendo máis propia dunha cidade que dunha cabeceira de comarca, vista a súa influencia nos municipios próximos de Asturias e Galicia.

Dende un punto de vista lingüístico, podemos dicir que nos atopamos nunha zona minoritariamente galego falante. É perceptible unha diferenciación xeneralizada nos usos da lingua derivada da diglosia, así como un deterioro do galego oral, isto último fortemente relacionado coa perda de falantes asociada ó cada vez maior proceso de urbanización e despoboamento do rural. Isto é especialmente característico na vila en si, onde o galego comeza a ser residual entre unha poboación nova escasamente concienciada, a cal se desenvolve no seu día a día fundamentalmente en castelán. Un dos feitos que máis propicia esta situación é a falta da transmisión xeracional, un aspecto que cada vez é máis perceptible nos ribadenses máis novos. O Concello é, porén, un axente normalizador importante xa que utiliza o galego tanto no uso escrito coma no oral, ademais presenta unha oferta cultural estable, de calidade, que non esquece as nosas raíces ao tempo que se abre a outras culturas con curiosidade.

O noso alumnado procede, na súa grande maioría, da vila xa que non dispoñemos de servizo de transporte que facilite a matrícula de nenos do rural. Porén o noso enclave favorece o acceso ó centro de alumnos procedentes de Asturias e, polo tanto, castelán falantes e alfabetizados neste mesmo idioma. Hai alumnos que proceden doutros países (Brasil, Portugal, Cuba, República Dominicana, Italia, Ecuador e Colombia).

Unha das nosas liñas estratéxicas de actuación é a Integración das TIC na aula: Procuramos que o noso alumnado se achegue á tecnoloxía dende o inicio da súa escolarización no Centro, todas as aulas teñen proxector e wifi. En infantil comezamos o achegamento a estas ferramentas co uso do ordenador, o encerado dixital, e a robótica. En primaria seguimos aumentando o coñecemento da robótica, empregamos a plataforma Snappet (en tablets compartidas en matemáticas e inglés), TATUM (lectura gamificada en soporte dixital), E-Dixgal (libro dixital individual proporcionado

pola Xunta de Galicia). En ESO compatibilízase o soporte papel co dixital (proxecto E-Dixgal). En 3º e 4º ESO impártese robótica como curricular, dentro da materia de tecnoloxía e en 1º ESO como extraescolar.

Dende o noso Proxecto Educativo séguese considerando o forte impacto que a aparición das TIC ten na nosa sociedade e na educación en particular. Por esta razón, trátase de concibir o tratamento das novas tecnoloxías dentro da educación como facilitadoras de aprendizaxe, situándoas así no centro da renovación pedagóxica que necesita a nosa Sociedade do Coñecemento. Ao optar neste Plan Dixital por dirixir os nosos esforzos cara ao logro dunha verdadeira pedagogía dixital no noso centro, e para atender ás distintas realidades normativas nas que nos atopamos situados, este documento pretende ser o suficientemente dinámico e amplo.

É fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dé coherencia e guíe o uso das tecnoloxías. É por iso que será un instrumento que formando parte da programación xeral anual (PXA) así coma do proxecto educativo (PEC) axude á consecución dos seguintes obxectivos xerais deste último:

Xestión de recursos:

- Investir nas novas tecnoloxías para a dixitalización das aulas
- Reducir os custos económicos ás familias
- Propoñer actividades extraescolares atractivas

Comunicación e imaxe:

- Difundir a imaxe do centro de cara á incorporación de novo alumnado.
- Mellorar a colaboración familia-escola
- Reforzar a comunicación centro-familias

Formación do profesorado

- Facilitar o acceso á formación do profesorado.
- Mellorar a competencia dixital do claustro.
- Continuar apostando pola innovación educativa

Metodoloxía e didáctica

- Fomentar o traballo cooperativo
- Mellorar a competencia comunicativa do alumnado

- Mellorar a competencia dixital do alumnado

1.3. Breve xustificación do mesmo

O marco normativo de referencia para a elaboración deste plan é o seguinte:

- Art. 111 bis, Art.121 e Art. 132 da LO 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Disposición Adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia par ao curso 2021/2022.

Relación con outros Plans e proxectos do centro.

En todos os plans e proxectos do centro se introducen as TIC e se traballan as competencias dixitais. Algúns exemplos de concretos son:

No Plan lector do centro aparece como liña de acción:

- A integración das TIC nas prácticas de lectura comprensiva e de escritura, como medio de buscar novos recursos para lograr os obxectivos propostos.

No Plan lingüístico:

- Implicar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do centro: plan lector, TIC, biblioteca...
- Potenciación da presenza do galego a través nas novas tecnoloxías, blogs e redes sociais e educativas.

No Plan de Igualdade:

- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos: Dende os equipos máis directamente relacionados cos espazos tecnolóxicos (aulas de tecnoloxía, aulas de informática) coa coordinadora en Tecnoloxía da Información e Comunicación e o resto do profesorado do centro, traballarase pola participación activa e igualitaria en todas actividades e celebraranse datas que reforcen o papel da muller nestes campos, por exemplo o 24 de abril: Día das nenas nas TIC.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Pendente ata setembro 2022

1.4. Proceso de elaboración

Dentro do organigrama do noso centro contamos cun Equipo TIC, que promove a mellora da competencia dixital da comunidade educativa e que coordinado cun axente externo responsabilízase de que a infraestrutura tecnolóxica do centro funcione correctamente. Este equipo xunto coa xefa de estudos é o que conforma o Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Na elaboración do Plan Dixital seguíronse os seguintes pasos:

Decembro 2021: Complimentación do SELFIE

Febreiro 2022: Realización do Test CDD

Marzo 2022: Recompilación de datos, reflexión e elaboración da DAFO

Abril-maio 2022: definición dos obxectivos e liñas de acción

Xuño 2022: Aprobación da Versión 1.0 do Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os datos que se presentan a continuación son os referidos á situación actual do centro en materia TIC.

No tocante á conectividade o centro conta con varias redes para balancear a carga de peticións a Internet. Cóntase cunha VDSL de 32 Mbps e fibra óptica de 300 Mbps. Ademais instaláronse varias antenas repetidoras dotando de acceso Wifi a todo o centro.

Todos os espazos do centro teñen conexión á internet xa sexa por cable ou por wifi.

En canto ao equipamento, dicir que contamos cos medio que se detallan a continuación:

LUGAR	Ordenadores	Proxectores	Impresoras	PDI
Infantil	1 portátil por aula (6) 1 sobremesa	1 por aula (6)	0	1 pequena
Primaria	1 portátil por aula (12)	1 por aula (12)	0	6
ESO	2 portátiles 4 sobremesa	1 por aula (8)	0	4
Capela-oratorio		1		
Orientación	1 sobremesa			
Audiovisuais	1 portátil	1		
Biblioteca	1 portátil		1	
Sala profes ESO	2 portátiles			
Sals profes EP	1 sobremesa		1	
Dirección	1 sobremesa		1	
Jefatura estudo	1 sobremesa			
Secretaría	1 sobremesa 2 portátiles		1 1 copyprinter	

Contamos tamén con tablets de 10": 6 en educación infantil (1 por aula para a atención individualizada do alumnado) e 5 en 1º ciclo de EP (para a realización de traballo cooperativo)

Por outra banda hai distintos grupos clase participando de iniciativas de mellora da competencia dixital:

- E-dixgal: 5º EP, 6º EP e ESO con portátiles individuais
- Snapett: 2º, 3º e 4º EP con tablets 7"
- Robótica: 1º e 2º EP, 3º e 4º ESO

Os computadores do centro contan con sistemas operativos tipo Windows. En función da antigüidade dos mesmos existen diferentes versións 7 e 10. Outro tipo de programas, necesarios para o desenvolvemento das clases e o labor organizativo e educativo son: E-dixgal, Tatum, Snappet, Go Steam, Kubo.

A xestión académica realízase a través de Educamos, un tipo de SAAS para a xestión integral do centro, ademais das propias dependentes da Consellería de Educación como Xade e Abalar.

O colexio dispón de páxina Web (<https://www.csagradocorazon.es/>) que se actualiza frecuentemente. Tamén se inclúen novidades nas redes sociais: en Facebook, Instagram e a páxina de youtube.

O soporte, mantemento e actualización dos equipos informáticos corre a cargo de profesores do centro e personal técnico cualificado externo ao centro xa que existen diferentes problemas nos que se require a prestación de servizos externos.

Respecto ao tema de seguridade, e distinguindo entre seguridade física e seguridade lóxica, o colexio conta con licenza do antivirus NOD32 versión profesional nalgúns equipos, PC e portátiles. Ademais os equipos susceptibles de seguridade, como son os de secretaría, orientación, convivencia, servidor e dirección, contan con identificación de usuarios e medidas físicas de acceso.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da DAFO tivéronse en conta os resultados da ferramenta SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4	3,8			
	Profesorado	3,7	3,3			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3	3,7			
	Profesorado	3,1	3,1			
	Alumnado	4	3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5	3,5			
	Profesorado	3,8	3,4			
	Alumnado	3,9	3,4			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5	4,2			
	Profesorado	3,8	3,4			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	3,9			
	Profesorado	3,8	3,9			
	Alumnado		3,9			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,4	3,6			
	Profesorado	3	3,3			
	Alumnado	3,6	3,2			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	3,1			
	Profesorado	2,1	2,5			
	Alumnado		2,6			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	3,8			
	Profesorado	3,8	3,5			
	Alumnado	4	3,2			

Así como a información aportada polo TestCDD realizado polos docentes do centro:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
LS1 Substituto	2	4	50%
L01 Laboral	38	41	92,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a(B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57,1	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a(B1)
PRI.	64,6	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a(B1)
ESO	70,2	Integrador/a(B1)	79,2	Integrador/a(B1)
ENR	57	Explorador/a (A2)	75,4	Integrador/a(B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5%
A2	21	52,5%
B1	14	35%
B2	3	7,5%
TOTAL	40	100%

Tamén se tiveron en conta as conclusións do estudo “Impacto de la tecnología en la adolescencia” (feito pola USC a iniciativa de UNICEF) no que o noso centro participou.

2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE e o TestCDD o equipo de dinamización dixital do centro xerou a seguinte análise DAFO que serviu de punto de partida para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O alumnado pode empregar os equipos da aula de informática cando o precisa	O proceso de ensino-aprendizaxe non está respaldado polas tecnoloxías dixitais en todas as etapas educativas. O centro non conta con sistemas de protección de datos
	PERSOAL DOCENTE	Desde o ED poténciase a estratexia do centro. Facílítase o DPC. O profesorado busca recursos educativos dixitais e tamén crea algúns.	Non se avalían os progresos con tecnoloxías dixitais. O profesorado non debate sobre as vantaxes e desvantaxes que aportan as tecnoloxías dixitais na ensinanza-aprendizaxe. Non hai colaboración con outras organizacións a través de diferentes tecnoloxías. En xeral, o persoal docente non realiza actividades de aprendizaxe dixital. Non se levan a cabo proxectos interdisciplinares usando tecnoloxías dixitais. Non se avalía ao alumnado mediante tecnoloxías dixitais. O profesorado non realiza retroalimentación utilizando tecnoloxías dixitais
	PERSOAL NON DOCENTE		

	ALUMNADO	<p>O noso alumnado aprende a comunicarse utilizando a tecnoloxía.</p> <p>O alumnado aprende a actuar de forma responsable e respectar aos demais cando utiliza internet.</p> <p>O alumnado pode seguir as tarefas no EVA e/ou na Plataforma.</p> <p>O alumnado pode facer as tarefas no seu fogar usando software libre</p>	<p>O alumnado non reflexiona sobre a súa aprendizaxe usando as TIC.</p> <p>O alumnado non avalía o traballo dos compañeiros usando as TIC. O alumnado non colabora a través de tecnoloxías dixitais.</p> <p>O alumnado apenas aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>O alumnado non soe contrastar a información que recolle da internet.</p>
	FAMILIAS	<p>Comunicación fluída colexio-familia co profesorado a través de medios dixitais.</p> <p>Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe pola Plataforma ou por Abalar móvil.</p>	<p>As familias prefiren chamar por teléfono a buscar información na web do centro.</p>
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Valórase positivamente a formación en competencias dixitais</p>	<p>O noso centro no non conta cunha estratexia ou plan dixital.</p> <p>A información na web debería estar mellor ordeada e localizada</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Participación do centro no proxecto Edixgal</p>	<p>Pouca oferta de formación para o profesorado dos colexios concertados.</p> <p>Dotación incompleta de equipamento e recursos tecnolóxicos.</p> <p>Distintas condicións para conseguir axudas para o equipamento tecnolóxico nos colexios públicos e concertados.</p>

LEXISLACIÓN		
CONTORNA	Boa comunicación entre a ANPA e o colexio que xera colaboración en diferentes actividades	Presuposto reducido da ANPA
ANPA		Condicións socioeconómicas
OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Táboas de Obxectivos do Plan de Acción

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A mellora na rede wifi do centro é sempre necesaria, toda vez que o número de dispositivos se vai incrementando.

En algunhas aulas de primaria e ESO non hai encerado dixital, no caso de infantil falta na maioría podendo optarse nestas idades por paneis interactivos.

No primeiro curso de primaria a dixitalización é moito máis intuitiva cando se leva a cabo a través de tablets e sería convinte aumentar o número de dispositivos.

O profesorado que traballa en E-dixgal non ten portátil do proxecto polo que traballa nos do colexio que hai que ir renovando pouco a pouco igual que os ordenadores de aula

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)						
1. OBXECTIVO:	Renovar os portátiles de aula (do profesor)				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC, Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de ordenadores renovados por curso					
Valor de partida	0 equipos renovados					
Valor previsto e data	4 equipos renovados			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Revisar os ordenadores de aula para priorizar a renovación	Titor da aula Responsable TIC	22/12/2022	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Valorar os problemas de cada equipo.	Empresa externa	22/12/2022	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comprar novos equipos	Xefatura de estudos Administradora	31/03/2023	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
2. OBXECTIVO:	Fomentar a consulta da páxina web por parte das familias				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, claustro de profesores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de familias que usan a web					
Valor de partida	5% das familias usan a web					
Valor previsto e data	75% das familias usan a web				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Presentar a páxina web nas reunión de principio de curso	Claustro de profesores	30/09/2022	Ordenador e proxector Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Colgar instrucións sobre o uso da plataforma, de abalar móbil, E-dixgal,....	Responsable TIC	30/09/2022	Ordenador Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Actualizar os documentos do colexio que poden ser necesarios para as familias.	Responsable TIC	30/06/2023	Ordenador Conexión a internet		Realizada	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
3. OBXECTIVO:	Distribuir a web de maneira que a consulta sexa rápida e intuitiva				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% información que precisan as familias está fácil de atopar					
Valor de partida	0% información que precisan as familias está fácil de atopar					
Valor previsto e data	100% información que precisan as familias está fácil de atopar				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO13.1: Elaborar por etapas unha lista da documentación que precisan as familias	Titores	30/09/2022	Documentación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Insertar na web un apartado específico de documentación	Equipo Directivo	30/09/2022	Ordenador Páxina web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)						
4. OBXECTIVO:	Dinamizar o uso da aula de informática				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC, ED, Claustro de profesores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de actividades desenvoltas na Aula de Informática					
Valor de partida	0 actividades desenvoltas na Aula de Informática					
Valor previsto e data	10 actividades desenvoltas na Aula de Informática				30/06/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Elaborar un calendario de uso da aula de informática para os grupos de EI, 1º e 2º ciclo EP	Responsable TIC Mestras de EI, 1º e 2º ciclo EP	30/09/2022	Ordenadores Dispositivos Dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Desenvolver actividade de APS co alumnado de EI e ESO	Responsable TIC Profesorado de dixitalización Mestras de EI	30/06/2023	Ordenadores Dispositivos Dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Pedagogía, Apoio e Recursos (E)						
5. OBXECTIVO:	Crear recursos dixitais para o alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, Equipo de dinamización do Plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de recursos creados					
Valor de partida	0 recursos creados					
Valor previsto e data	5 recursos creados por trimestre e grupo-clase			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo directivo	30/10/2022	Documentación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Crear recursos dixitais para o alumnado	Xefatura de estudos Equipo de dinamización do Plan Dixital	30/06/2023	Software específico (se é o caso)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Publicar na plataforma ou aula virtual os recursos creados polo profesorado	Profesorado	30/06/2023	Recursos creados		Realizada	

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)

6. OBXECTIVO :	Proporcionar ferramentas e extratexias ao alumnado de 3º ciclo de EP e ESO para analizar a fiabilidade da información	Acadado
RESPONSABLE:	Persoas titoras de cada grupo, responsable TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións dedicadas a analizar a fiabilidade da información (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)	
Valor de partida	0 sesións dedicadas a analizar a fiabilidade da información	
Valor previsto e data	4 sesións dedicadas a analizar a fiabilidade da información	30/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A06.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	22/12/2022	Documentación		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.2: Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	22/12/2022	Rúbricas		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada	Persoas titoras de cada grupo	30/06/2023	Rúbrica creada		Realizada

Área de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
7. OBXECTIVO:	Proporcionar ferramentas e estratexias ao profesorado e alumnado para avaliar con tecnoloxías dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de situacións de aprendizaxe que tiveron algunha avaliación dixital					
Valor de partida	0 % situacións de aprendizaxe que tiveron algunha avaliación dixital					
Valor previsto e data	50 % situacións de aprendizaxe que tiveron algunha avaliación dixital			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Formar ao profesorado para o emprego da tecnoloxía dixital na avaliación	Equipo directivo Responsable TIC	30/09/2022	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Preparar ao alumnado en prácticas de coavaliación, mediante rúbricas	Profesorado das distintas materias	22/12/2022	Rúbricas		Realizada	

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

A avaliación do Plan Dixital farase desde dous contextos:

- No contexto procesual a avaliación será levada a cabo polo Equipo de Dinamización Dixital, formará parte da orde do día como mínimo unha vez ao trimestre e analizarase a consecución ou non dos diferentes obxectivos e o estado de execución das distintas accións.
- No contexto da avaliación final valorarase a consecución de cada un dos obxectivos e enunciaranse as propostas de mellora a ter en conta.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Despois de realizada a avaliación incorporaranse as propostas de mellora á Memoria do curso e implementaranse, na medida do posible no Plan dixital e na PXA do curso seguinte.

5. Difusión do plan

O Plan dixital explicarase á comunidade educativa nas diferentes reunións a comezo do curso e estará a disposición de todos/as na páxina web coma o resto dos Plans do centro.